



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 02/2026

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA CINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

En Ordes, a cinco de febreiro de dous mil vinte e seis.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO (incorpórase á sesión durante o debate do punto 3º da orde do día)
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARÍA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 4 de decembro de 2025 e á acta da sesión extraordinaria de data 9 de xaneiro de 2026, cuxas minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 4 de decembro de 2025, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coas abstencións do Sr. Vidal Ríos e Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión extraordinaria, de data 9 de xaneiro de 2026, resultou aprobada por maioría de trece votos a favor, coas abstencións do Sr. Blanco Viqueira, Sra. Martínez Vieites e Sr. Villaverde Rey, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. INICIO EXPEDIENTE DESIGNACIÓN CRONISTA OFICIAL DO CONCELLO DE ORDES.

Segundo o Regulamento de honras e distincións do Concello de Ordes. Capítulo I. Clases de honras e distincións, Artigo 1.II.- Co fin de recoñecer aquelas persoas físicas que se teñan distinguido na súa actividade profesional, en calquera tipo de estudos, investigacións, publicacións ou traballos en temas relacionados co Concello de Ordes este poderá outorgarlles o título de Cronista Oficial do Concello de Ordes.

Considerando que esta distinción ten carácter exclusivamente honorífico, sen que polo tanto, outorgue ningún dereito administrativo nin de carácter económico.

Considerando que é unha aspiración deste concello a consolidación e conservación da memoria histórica do municipio.

Considerando que o Concello de Ordes carece na actualidade da figura do Cronista Oficial, polo que dita figura debe ser merecedora dun impulso para desenvolver as funcións previstas no art. 5 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Ordes.

Considerando que dende fai varios anos D. Francisco Sandoval Vereá, licenciado en xeografía e historia nas especialidades de historia moderna, biblioteconomía e arquivística, doutor en historia pola Universidade de Santiago de Compostela, ven con todo coidado e acerto realizando unha importante labor de estudo e divulgación de Ordes e a súa comarca.

Considerando que para a concesión desta distinción honorífica, requirírase sempre a formación do oportuno expediente xustificativo, o cal incoarase previo acordo do Pleno do Concello, a iniciativa, entre outros, do Alcalde-Presidente.

Vista proposta da Alcaldía e o ditame favorable, de data 30/01/2026, da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que consideran que a figura do cronista oficial pode axudar a promover a memoria histórica local. Ten un valor cultural importante, permite distinguir a unha persoa polos méritos no seu campo, polo que van a votar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non existe impedimento algún para proceder coa iniciación do expediente de designación do cronista oficial do Concello de Ordes a Francisco Sandoval Vereá, para que a continuación se proceda á xustificación dos méritos e circunstancias para que nun futuro pleno se tome a decisión definitiva. O 28 de febreiro de 2025 o Sr. Sandoval Vereá presentou o seu libro na Casa da



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Cultura "A paisaxe e a organización do espazo interior coruñés durante os séculos XVI e XIX", co que gañou o premio de investigación Xesús Ferro Couselo do Concello de Valga no ano 2023. Segundo o art. 5 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Ordes resulta posible designar ata dúas persoas para o posto de cronista oficial, incluso incrementar o número no caso de que a Corporación municipal o estime oportuno, polo tanto van a votar a favor do inicio deste expediente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Iniciar o expediente de designación como Cronista Oficial do Concello de Ordes a D. Francisco Sandoval Vereas, designando a D. Susana García Gómez, concelleira desta Corporación, á que coa asistencia do Secretario xeral, corresponderá a función de instruír e tramitar o expediente de xustificación de méritos e circunstancias, con inclusión de cantas reseñas biográficas e bibliográficas, informacións, probas ou dilixencias se necesiten para que os servizos, feitos ou actuacións consten fehacemente acreditativas da concesión desta distinción honorífica.

2.- O Pleno Municipal, á vista do expediente de xustificación de méritos e circunstancias tramitado, adoptará acordo definitivo que legalmente proceda.

4. RATIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 16/01/2026, DE DELEGACIÓN NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA AS COMPETENCIAS RELATIVAS Á CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO Á CATEGORÍA DE POLICÍA LOCAL DO CORPO DA POLICÍA LOCAL DE ORDES.

O Pleno do Concello, de data 26/01/2018, acordou delegar na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso á categoría de policía local do Corpo da policía local de Ordes polo tempo de vixencia do convenio de colaboración.

Con data 16/02/2018 asinouse o convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade autónoma de Galicia as competencias delegadas por acordo do Pleno, de data 26/01/2018, que foi obxecto de prórroga o 08/02/2022.

Segundo o establecido no art. 49.2º da Lei 40/2025, de 1 de outubro (LRXSP), este convenio non é susceptible dunha nova prórroga, dando lugar ao seu vencemento.

Visto o disposto no art. 32. Apartado 7 da Lei 4/2007, de 20 de abril.

Visto o disposto no art. 2 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

Vistas as modalidades de cooperación, así como as condicións para o seu exercicio.

Vistas as vacantes existentes no cadro de persoal da policía local de Ordes incluídas na oferta de emprego público, exercicio 2025 (BOP nº 249, de data 30/12/2025).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 16/01/2026, de delegación na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás prazas do Corpo da policía local (categoría de policía local) de Ordes polo tempo de vixencia do convenio de colaboración.

Visto o ditame favorable, de data 30/01/2026, da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que ven axeitado delegar o proceso de selección de policías locais na administración xeral da Xunta de Galicia, pode favorecer a inscrición de máis persoas na convocatoria. Ademais consideran que adoitan ser procesos máis garantistas neste sentido.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non se van a opoñer pois independentemente da administración que se encargue de xestionar o proceso, o máis importante é que se trate dun procedemento que teña as totais garantías de transparencia, igualdade de oportunidades e valoración real de méritos.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría absoluta de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno local, de data 16/01/2026, de delegación na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás prazas do Corpo da policía local (categoría de policía local) de Ordes polo tempo de vixencia do convenio de colaboración.

2º.- Facultar ao Sr. Alcalde para a realización das actuacións necesarias para a formalización do convenio de delegación.

3º.- Dar traslado do presente acordo a Academia Galega de Seguridade Pública da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

5. RATIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 19/12/2025, DE ACEPTACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN REALIZADA POLOS CONCELLOS DE FRADES E MESÍA PARA XESTIÓN DO PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO BRAÑAS DO ILLO RIO SAMO VIII.

Vista a resolución de Alcaldía do Concello de Frades, de data 23/12/2025, de encomenda de xestión a concello de Ordes da xestión do proxecto de obradoiro de emprego Brañas do Illo Rio Samo VIII.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Mesía, de data 23/12/2025, de encomenda de xestión a concello de Ordes da xestión do proxecto de obradoiro de emprego Brañas do Illo Rio Samo VIII.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 19/12/2025, de aceptación da encomenda de xestión realizada polos concellos de Frades e Mesía para xestión do proxecto de obradoiro de emprego Brañas do Illo Río Samo VIII.

Visto o ditame favorable, de data 30/01/2026, da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que é necesario facer unha serie de reflexións. Deben lembrar que os obradoiros de emprego teñen unha finalidade moi clara que é recualificar a persoas que están en situación de desemprego para mellorar a súa empregabilidade e inserción no mercado laboral. Non están pensados para substituír brigadas municipais e para cubrir de maneira recorrente tarefas de mantemento ordinario. O que veñen observando nos obradoiros de emprego do concello de Ordes é unha deriva evidente cara o mantemento de espazos municipais, sen valor engadido en termos reais de formación e de inserción laboral. As actuacións programadas céntranse case exclusivamente en rozas, podas, segas, arranxo de mobiliario urbano, mantemento de parques, área de lecer e parcelas municipais. Tarefas necesarias obviamente, pero rutineiras que non xeran unha cualificación diferencial, nin aumentan de forma significativa as oportunidades de emprego das persoas que participan no mesmo. Este uso inadecuado dos obradoiros vese reforzado por un feito moi claro, as actuacións repítense de forma sistemática dun ano para outro. Se se compara a proposta que se lles achega coa de 2022 atopan repeticións claras de espazos, área verde do parque empresarial de Merelle (PEM), parcela 85 PEM ou a contorna d antiga estación de tren da Pontraga en Parada. Isto confirma que o obradoiro está a empregarse como unha ferramenta para manter infraestruturas municipais e non como un instrumento estratéxico de política activa de emprego. Este modelo resulta especialmente preocupante se temos en conta a situación económica do concello. Ordes necesita recualificar moitas persoas desempregadas para que poidan ser absorbidas polo mercado laboral local. Este mercado ten unhas demandas moi concretas que non están a ser atendidas polos obradoiros actuais. Non PEM existen empresas que precisan profesionais da madeira, formadas en soldadura e metal, perfís técnicos vinculados á produción industrial. As granxa da contorna teñen necesidade de encontrar man de obra cualificada, sen esquecer o sector dos coidados que é un dos sectores con maior demanda, sendo cada vez máis complicado atopar perfís sociosanitarios debidamente formados. Nada disto se está a abordar dende os obradoiros de emprego para formar en oficios con saída laboral real, crear itinerarios de inserción e conectar á formación e o tecido produtivo, que debería ser o fin último. O que Ordes precisa non son máis podas e rozas a través de obradoiros, senón formación útil, formación laboral e unha aposta clara por sectores con demanda. Como entenden que isto non é o que persegue o obradoiro non poden votar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que reiteran un pouco o manifestado no pleno de abril de 2024 cando se propuxo o obradoiro de emprego de Brañas do Illo Río Samo VII. No BNG están a favor das iniciativas para a creación de emprego que poidan ofertar unha formación para facilitar a posterior integración no mercado laboral. A realidade é que o obradoiro de emprego proposto, Brañas do Illo Río Samo VIII, non ven a ofertar nada novo con respecto aos anteriores. Sinceramente non creen que a comarca de Ordes demande cincuenta, sesenta, ...etc., persoal con formación en xardinería. Séguese unha e outra vez ofertando a mesma formación na vez de optar por outras fórmulas que están a ofertarse noutros obradoiros doutros concellos, como formación para montaxe e mantemento das instalacións de enerxía renovable, atención sociosanitaria a persoas dependentes, servizos de cociña e restaurante, ...etc. dende o BNG teñen a impresión de que os obradoiros que dende o goberno municipal se propoñen para Ordes están máis orientados a dispor dunha



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

brigada subvencionada para rozas e mantemento, máis que en dispor dunha ferramenta real e efectiva para combater o desemprego máis aló dos meses que dura o propio obradoiro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é o obradoiro de Ordes, Frades e Mesía. Os módulos son exactamente idénticos que os de Oroso, Trazo, Tordoia e Cerceda, toda a comarca. Prioridade de concesión se leen a orde de convocatoria é a formación forestal, calquera outra correría o risco de non ser beneficiarios da subvención. Se o mantemento desas áreas non fose posible, está seguro de que estarían aquí clamando ao ceo, uns e outros. Cursos de atención sociosanitaria os hai todos os anos en varias ocasións, non chegándose a cubrir a oferta que fai o concello de Ordes, igual que non se chegou a cubrir a oferta de prazas noutros concellos da mancomunidade. Polo tanto non poñan exemplos que son contraditorios. Din que non é produtivo, máis de 5.200 prantas introducidas en fincas forestais deste concello ou cedidas pola Xunta de Galicia nestes anos.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría absoluta de nove votos a favor (grupo político PP), coas abstencións (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 19/12/2025, de aceptación da encomenda de xestión realizada polos concellos de Frades e Mesía para xestión do proxecto de obradoiro de emprego Brañas do Illo Rio Samo VIII.

6. PARTICIPACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, POS+ 2026.

Vistas as Bases reguladoras Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2026, aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de data 28/11/2025 (BOP nº 231, de data 02/12/2025).

Vistos os obxectos para os que o Concello pode solicitar o seu financiamento con cargo aos distintos tipos de achega provincial para acadar as finalidades do POS+ 2026.

Vistas as cantidades do POS+ 2026 asignadas a este concello para cada un dos dous tipos de achega provincial que figuran na seguinte táboa:

Achega provincial 2026	Achega provincial 2025	TOTAL POS+ 2026
556.458,55	590.183,31	1.146.641,86

Visto o ditame favorable, de data 30/01/2026, da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que primeiro queren poñer en valor que o POS+ non deixou de medrar durante esta lexislatura. Por iso o que lle preocupa da proposta que se lles presenta hoxe aquí é que o goberno local pretende empregar esta financiación para facer un mantemento xeral que non foi realizado de maneira continuada ao longo destes anos, acumulando intervencións e concentrándoas nun momento moi concreto da lexislatura. Temen por tanto que esta forma de actuar responde unicamente a unha estratexia electoralista baseada en multiplicar actuacións antes das eleccións. A coñecida política do asfalto é unha mala práctica que degrada moito a confianza



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

da veciñanza na administración local, ao transmitirle a sensación e o feito de que as actuacións chegan cando interesa politicamente e non cando son necesarias. Outra característica desta proposta é a ausencia de criterios claros de planificación de feito obxectivo. Isto reflíctese especialmente na cantidade inxente de rúas, pistas e accesos nos que se pretende actuar simultaneamente. Algo que non ocorreu en ningún outro momento da lexislatura. Podemos ver como se inclúe na proposta cinco viarios distintos no proxecto de humanización da rúa entreparques e outros. Máis de vinte e cinco rúas e travesías no proxecto denominado varios afirmados rúas Ordes. Máis de dez acceso e pistas no proxecto da rúa Roberto Forján e outros, outros dez viarios adicionais no proxecto de acceso aos núcleos de Ludiño e interiores, ademais da actuación específica na Fraga da Galiña. En conxunto estamos a falar de máis de cincuenta rúas, camiños e accesos diferentes que non responden a un plan, nin a unha orde de prioridade coñecida. Por outra banda preséntase actuacións en vías que nin sequera dan acceso a ningún domicilio que teñen itinerarios alternativos. Mentres hai veciños que teñen que seguir accedendo ás súas casas por verdadeiras corredeiras. Situacións que foron expostas aquí reiteradamente no pleno, que son coñecidas polo Alcalde e o seu equipo de goberno. Esta proposta non ten ningún afán transformador para a Vila nin para as parroquias, non existe unha visión de futuro, nin un modelo de concello detrás destas actuacións. Exemplo claro é o da accesibilidade. Neste pleno aprobouse por unanimidade a elaboración dun plan de accesibilidade. A día de hoxe non existe ese plan, nin se percibe intención real de facelo. Tráese agora unha actuación concreta na rúa entreparques, actuación illada que non pode substituír a un plan integral de accesibilidade para todo o concello. O mesmo ocorre coa sinalización viaria. O propio goberno local recoñeceu a existencia dun problema serio neste ámbito, e aínda así non se destina ningún euro do POS+ a un plan de sinalización dos nosos servizos públicos e puntos de intereses. Como en anos anteriores non se consultou ao resto da corporación ou á veciñanza para facer achegas á proposta. O que se lles presenta é un POS+ centrado exclusivamente non mantemento que non quixeron facer o atender ata o de agora. Sen atender á achegas que se traen ao pleno, sen cumprir compromisos aprobados por unanimidade. Ante esta situación non poden votar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que en relación cos proxectos que se lles propoñen van facer unhas apreciacións. Humanización da rúa entreparques é unha pena que non se aposte por peonalizar a zona e integrala cos propios parques. Tampouco entenden que sentido ten facer na súa hora o carril bici na rúa Víctor González Faya e non se contempla agora a súa ampliación por esta rúa. Opinan que fora mellor non facelo no seu día xa por esta rúa e aproveitar o espazo do carril para unha maior dotación de aparcamentos e integrando os espazos verde e arborado, que tampouco se contemplan nesta actuación. O alcalde no pleno cando demandaron estas prácticas para intervencións nas rúas Lagartos e Paraíso manifestaba que había canalizacións polas rúas, non era posible integrar espazos verde e arborado. Non sabe como conseguen facelo noutros concellos. Non cree que as canalizacións de servizos municipais nesas lugares vaina por wifi. A realidade é que isto depende do modelo que defenda cada goberno municipal, apostar polo modelo que mitiga o efecto illa de calor e integrar pavimentos drenantes para minimizar a circulación de augas pluviais pola superficie das rúas. Esixencia que tamén recolle o PXOM que están continuamente a incumplir. O outro modelo é seguir coas vellas prácticas do pasado como está a facer o goberno do PP en Ordes. Neste proxecto propoñen unhas lousas de granito silvestre para delimitar a zona de aparcamento no carril de circulación, insistindo nunha fórmula que está a dar malos resultados como pode apreciarse na rúa Compostela, onde aparecen lousas rotas que teñen que ser substituídas de forma continuada. Volverá acontecer nesta rúa. No proxecto de humanización da rúa da Fonte sería interesante proceder tamén coa súa peonalización e integrar algo de verde. No tocante á mellora da rúa Ramón Ferreiro non entenden a necesidade de levantar unhas beirarrúas recentes cando se urbanizou a fronte dos edificios construídos na zona, so se pretende a substitución de materiais por uns novos sen introducir ningunha modificación de calado. Votan en falta na actuación denominada firme dende o límite da Reverencia ata o cruce coa Pedreira, desvío cara o Vidueiro, que non se prevea solucionar os problemas recorrentes de asolagamentos que se producen nas primeiras casas que quedan próximas á intersección coa rúa Reverencia e coa Rúa Vistalegre.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Unicamente se contempla a pavimentación sen actuar nas pluviais desa zona. Tamén consideran un erro que na actuación Mellora do viario no Casal non se contemple antes de pavimentar a dotación de servizos básicos de abastecemento e saneamento nos tramos onde non se dispón deles dado que existen varias parcelas que están na delimitación de solo de núcleo rural e que son susceptibles de poder ser edificadas, como varias vivendas existentes na zona que non teñen acceso a estes servizos. Se non se meten estes servizos antes da pavimentación atoparase nun futuro co problema ter que desfacer a pavimentación para facer as canalizacións e volver a pavimentar outra vez. O certo é que desta volta o goberno pretende encher de maquinaria pesada o casco urbano do noso concello pavimentando a meirande parte das súas rúas a poucos meses das eleccións municipais. Veremos como se organiza a programación das obras para evitar un caos circulatorio na vila. Finalmente incidir nos 300 mil euros que o goberno municipal ten previsto destinar a gasto corrente cando existen outras necesidades que quedan sen atender a pista principal de Buscás, especialmente entre a Gorita e Vilariño, entre a Rúa e os Uzás. A pista principal da parroquia de Vilamaior ata o Peñasco. O acceso á Barcula dende a pista que conecta a Barcula con Mesón do Vento. Tamén votan en falta actuacións para estender servizos básicos de abastecemento e saneamento polo rural, algo que dende o BNG sempre defenderon como unha aposta prioritaria. A única actuación prevista é a ampliación do abastecemento cara Ludiño en Pereira, nun plan complementario, non teñen asegurada a súa execución, dependerá dos fondos que se vaian achegando. Insisten novamente nun proxecto vital para o futuro deste concello é a ampliación a depuradora de Ordes, aínda que fose unha primeira fase é un avance ao respecto. É unha obra que mentres non se faga non se poderá acometer a ampliación do parque empresarial de Merelle por moitas veces que veña a conselleira a xantar cos empresarios da nosa vila. Seguimos sen avances ao respecto polo goberno municipal nun concello que da a impresión que está morto, en decadencia. Mentres haberá empresas afincándose noutros polígonos e creando emprego noutros lugares na vez do noso concello. Dende o BNG están de acordo en acceder a ese 1.050.000 euros de fondos que veñen da Deputación Provincial para obras e servizos no noso concello. Tendo en conta as eivas sinaladas e todo o manifestado ata o de agora non poden emitir un voto favorable á proposta de actuacións que lle presenta o goberno municipal e van optar pola abstención.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está claro que cada grupo podería traer a súa proposta e podería ser variada, analizar o que lle piden os veciños a uns e outros. A día de hoxe teñen valorados doce millóns de euros en obras. Este POS+ so permite facer menos de un, despois veremos o que vai acontecendo co complementario. Se falamos doutras cousas que nos gustaría facer fora das demandas dos veciños andamos en cincuenta, sesenta millóns de euros. Tratan de optimizar da mellor maneira os recursos, e preparan os proxectos coa asistencia técnica para que lles salgan o máis rendibles posibles. Cando se aprobou o POS+ proposto pola oposición, cando estiveron en minoría, os proxectos eran inexecutables, por que non estaban programadas, o votou o PSOE. Houbo que refacer os proxectos todos. Igualmente executouse. Eran grandes proxectos de 400 – 500 mil euros. Esquecían moitas parroquias, ían a unhas concretas que lles interesaban a vostedes, fixéronse obras polo medio do monte que non daban acceso a ningunha vivenda. O POS+ dende o ano 2021 medrou un 21%, sabe canto medraron o custe dos medios e dos materiais máis dun 40%. Faise moito menos a pesar de ter máis cartos. Oxalá suban o POS+ como se lle ten demandado moitas veces nos plenos da Deputación en concordancia co que subiron os custes de material e de man de obra. É moi necesario. É moi ridículo ter no caixón da Deputación máis de 300 millóns de remanente, cando sería moi fácil poñelos a disposición de todos os concellos para poder facer moitos dos investimentos que pediron. O plan integral de accesibilidade está traballar nel a asistencia técnica, insisten todos os meses para que o remate, ten a súa complexidade. Ten un importe de máis de un millón de euros, non chegaría este POS+ para a súa execución. Cando estea verán como o poden ir executando por fases. Moitas desas eivas están incluídas aquí nestas actuacións en moitas necesidades que ten o caso urbano de Ordes, das que se queixan moitas veces nos plenos e nas redes sociais. É necesario facelo de maneira conxunta. Isto non se vai poder executar ata o ano 2027, cando o resolven, a finais do verán, despois hai que licitar, agora non é o momento de contratar por que meteríamos nun problema ás empresas. Non se



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

preocupen polos prazos por que non o vamos a poder controlar nos. Era máis fácil destinar o cen por cen do POS+ a gasto corrente, como van concellos do PSOE, tamén o BNG alí onde goberna. Puidemos reducir esa parte de gasto corrente gracias a ser coñecedores fai semanas desa aportación adicional da Xunta de Galicia para o SAF que nos vai a minorar a transferencia á Mancomunidade. Esa é a realidade. Hai que cadran ingresos e gastos, a maiores as regras fiscais como espada de Damocles en todos os concellos do territorio nacional. En relación con entreparques por aí non vai o carril bici. O carril bici era necesario para poder acceder ao plan Hurbe ese ano e acceder a esa financiación do 70 %, que permitiu arranxar as rúas Mediodía e Víctor González Faya. Falouse coa Deputación dende o ano 2016, non avanzan en presentarnos unha proposta de humanización da rúa do Recreo, máis agora que se aprobou e sae a información pública a variante suroeste de Ordes, vai a ser máis necesario que nunca que se poida executar canto antes. A Deputación non atende as nosas peticións dende fai oito anos. O carril bici ten que baixar polo Recreo e conectar ao longo do paseo cara a rúa da Feira, despois conectar co paseo e acabar de humanizar o tramo da rúa do Muíño que está pendente. Esa é a solución que se deseñou por parte da nosa enxeñería é que coñece á Deputación, coa que está conforme e que queren executar co tempo en Ordes. Existe planificación, que non pregunten por ela, non quere dicir que non exista. Veñan e analizarán os proxectos. Na rúa Ramón Ferreiro nas zonas nas que se vai actuar son a que teñen necesidade, especialmente dotar onde se teñen que colocar as prazas de mobilidade reducida. Non é a totalidade da rúa. Comprobar a medición. O saneamento no Casal é única e exclusivamente unha vivenda que non ten saneamento a día de hoxe, o sabe o titular que o ten que acometer él, está a menos de cincuenta metros. Esta é a súa proposta, poderíanse facer outras moitas. O casco urbano ten moita necesidade de actuar en moitas rúas, mellorar a sinalización. En relación á EDAR mantiveron a última reunión o pasado mércores a asistencia técnica, a concesionaria e o director de Augas. Van ver como se van ir dando os prazos. Teñen o compromiso de que a EDAR vai a estar feita nas condicións mínimas e necesarias para que a ampliación do parque empresarial de Merelle sexa unha realidade no ano 2029-2030. O proxecto da ETAP vai a ser unha realidade no ano 2026-2027, cunha financiación da Xunta de Galicia do 80 %, cun proxecto de 1,5 millóns de euros unha vez que se concluíron as obras do Canedo e se poida asinar un novo convenio. No parque empresarial se construíron nove naves no ano 2025-2026. En Ordes hai vida tamén, aínda que non a queira ver vostedes. Os traballos de investigación da ampliación do parque empresarial de Merelle comezarán ao longo desta primavera. Agardan ter o plan parcial no primeiro-segundo trimestre de 2027. Oxalá ao longo de 2026 se poida modificar áreas empresariais de Galicia e o polígono de Pardiñas sexa unha realidade segundo o PXOM. Con isto queda claro que hai planificación, que as ideas están claras, que o PXOM vai a favorecer o desenvolvemento futuro de Ordes. A variante da rolda suroeste vai a conseguir eliminar un porcentaxe importante do tráfico pesado da vila de Ordes e que se poden iniciar os traballos de licitación o ano que ven, nunha fase única, non en dúas, so no caso de que o ministerio non sexa capaz de acometer os traballos da rotonda e do paso inferior na entrada sur de Ordes. Pide a colaboración de todos. O trataron co Subdelegado do goberno fai dúas semanas. Espera do PSOE á máxima implicación para que esa obra saia adiante.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2026"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2026" e con cargo á "achega provincial 2025":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	300.000,00
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00
Subtotal gasto corrente	300.000,00

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos auga potable)	Total Concello	
Denominación da obra					
HUMANIZACIÓN RÚA ENTREPARKES e OUTROS	256.458,55	5.183,05		5.183,05	261.641,60
Subtotal investimentos achega provincial 2026	256.458,55	5.183,05		5.183,05	261.641,60

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos auga potable)	Total Concello	
Denominación da obra					
Varios afirmados rúas Ordes	590.183,31	29.809,74		29.809,74	619.933,05
Subtotal investimentos achega provincial 2025	590.183,31	29.809,74		29.809,74	619.933,05

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	300.00,00			300.000
	Achega 2025	0,00			0,00
B- INVESTIMENTOS	Achega 2026	256.458,55	5.183,05	5.183,05	261.641,60
	Achega 2025	590.183,31	29.809,74	29.809,74	619.993,05
C- TOTAL	Achega 2026	556.458,55	5.183,05	5.183,05	561.641,60
	Achega 2025	590.183,31	29.809,74	29.809,74	619.993,05
TOTAL	1.146.641,86	34.992,79		34.992,74	1.181.634,65

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Denominación dos investimentos financeiramente sostíbeis (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Pavimentación rúa Roberto Forján e outros	341.810,44		341.810,44
Mellora na Fraga da Galiña (Ordes) 1ª Fase	286.921,70		286.921,70
Acceso ao núcleo de Ludiño e interiores, e outros	371.156,62		371.156,62
TOTAIS	999.888,76		999.888,76

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nesta táboa.

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitado todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+ 2026 Base.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

7. SOLICITUDE DE REVOGACIÓN DE ACTOS DE GRAVAME DITADOS EN EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

A efectos do establecido no art. 83 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), polo Sr. Alcalde-Presidente sométese ao Pleno da Corporación, por razóns de urxencia, este expediente que inicialmente non figuraba incluído na orde do día.

Polo Sr. Alcalde xustifícase a urxencia en que é necesario resolver este expediente, non podendo ter sido incluído nas comisións informativas permanentes de asuntos deste pleno ao non estar asinado o informe do Secretario.

O Pleno Corporativo municipal por maioría de dezasete votos a favor, sendo dezasete o número legal dos seus membros, acordou a inclusión deste asunto na orde do día.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Expediente de revogación de actos de gravame ditados en expediente de reposición da legalidade urbanística (**Expdte. 2024/Q002/000006**).

Visto o informe de Secretaría, de data 30/01/2026, que se transcribe a continuación:

“Informe xurídico procedemento de revogación de actos de gravame da entidade local (Art. 109.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP) e declaración de nulidade apartados 2º e 3º das resolucións de Alcaldía nº 928/2021, de data 07/9/2021 e nº 1486/2021, de data 28/12/82021, ditadas no expediente de reposición da legalidade urbanística: obras terminadas sen título habilitante de natureza urbanística en Lg. Espenica, 8, Ordes (**Expdte. 2024/Q002/000006**).

1.ANTECEDENTES.

- Resolución de Alcaldía nº 928/2021, de data 07/9/2021, pola que se resolve o expediente de reposición da legalidade urbanística: obras terminadas sen título habilitante de natureza urbanística en Lg. Espenica, 8, Ordes.
- Resolución de Alcaldía nº 1486/2021, de data 28/12/82021, pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra a resolución da Alcaldía n.º 928/2021, de data 07/09/2021.
- Solicitud presentada con data 15/07/2024, rexistro de entrada nº 202499900001985, por Milagros Villaverde Pulleiro, con DNI nº ***0190**, revogación actos de gravame (art. 109.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP) e declaración de nulidade apartados 2º e 3º das resolucións de Alcaldía nº 928/2021, de data 07/9/2021 e nº 1486/2021, de data 28/12/82021, ditadas no expediente de reposición da legalidade urbanística: obras terminadas sen título habilitante de natureza urbanística en Lg. Espenica, 8, Ordes, nos que se establece “Como consecuencia das obras de substitución integral da edificación existente, a propietaria deberá de ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso”.
- Informe de Secretaría, de data 23/10/2024.
- Acordo do Pleno, de data 06/11/2024, polo que se acorda abrir un trámite de audiencia no expediente de revogación de actos de gravame ditados en expediente de reposición da legalidade urbanística (**Expdte. 2024/Q002/000006**).
- Solicitud presentada con data 20/11/2024, rexistro de entrada nº 202499900003239, por Milagros Villaverde Pulleiro, con DNI nº ***0190**, revogación actos de gravame (art. 109.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP) e declaración de nulidade da resolución de Alcaldía nº 1486/2021, de data 28/12/82021, ditada no expediente de reposición da legalidade urbanística: obras terminadas sen título habilitante de natureza urbanística en Lg. Espenica, 8, Ordes.
- Escrito de alegacións, de data 12/12/2024, rexistro de entrada nº 202489990003449, por Milagros Villaverde Pulleiro, con DNI nº ***0190**, na que se sinala:
 - O concello deber pronunciarse sobre a segunda solicitud de nulidade da Resolución, de data 28/12/2021, presentada con data 19/11/2024.
 - Ausencia de motivación do acto administrativo.
 - Inexistencia de requisito de procedemento para acordar a revogación dos actos de gravame ou desfavorables art. 109 Lei 39/2015, de 1 de outubro. Únicos requisitos esixibles son o trámite de audiencia e a motivación da resolución.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- A revogación de actos administrativos non serve para actos de dobre efecto (favorables para uns e desfavorables para outros).
- O acto administrativo obxecto de solicitude é un acto de gravame e desfavorable para a interesada, non é favorable nin para ela nin para ningún interesado.
- Nulidade art. 106 Lei 39/2015, de 1 e outubro, por infracción do art. 47.1.e): Actos ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.
- Finalización do procedemento de reposición da legalidade urbanística por algunha das formas previstas no art. 152.3 da Lei 2/2016, de 10 de decembro.
- Non cabe expediente de reposición da legalidade urbanística, antes de coñecer o proxecto e a entidade das obras executadas, adoptar o acordo en relación coa obriga de cesión, condición a impor segundo sexan obras de rehabilitación integral ou de mera reforma.
- Confusión polo concello do expediente de reposición da legalidade urbanística coa natureza do expediente de licenza urbanística. Imposibilidade de requirir pola resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística, de data 28/12/2021, a cesión, que debe ser obxecto do expediente de licenza urbanística. Vulneración do procedemento legalmente establecido.
- O requisito da cesión non é esixible con carácter previo a obtención da licenza.
- Ordenar á interesada a cesión dos terreos ao mesmo tempo que se lle require para presentar a licenza, sen ten analizado o proxecto nin obtido a mesma, é unha orde nula de pleno dereito.
- As obras realizadas obxecto do expediente de reposición da legalidade urbanística non son de substitución ou rehabilitación integral, son de reforma, que non requiren a cesión art. 24.4 Lei 2/2016, de 10 de decembro.
- Se o concello considera que non cabe estimar a solicitude pola vía do art. 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, resulta incuestionable que en todo caso procede a revisión de oficio de acto nulo prevista no art. 106 LPACAP. O requirimento de cesión vulnera os arts. 152.2 e 24.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.
- Procede que o concello declara a nulidade da Resolución de 28/12/2021 de conformidade co art. 106 Lei 39/2015, de 1 de outubro.

2.LEXISLACIÓN APLICABLE

- Art. 54 (Clases de iniciación) Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP): Os procedementos iniciaranse de oficio ou a solicitude do interesado.
- Art. 66 (Solicitude de iniciación) Lei 39/2015, de 1 e outubro (LPACAP): As solicitudes que se formulen deberán conter: c) Feitos, razóns e petición na que se concrete, CON TODA CLARIDADE, a solicitude.
- Art. 106 (Revisión de disposicións e actos nulos) Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP). 1. As Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houber, declarararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1.
- Artigo 109 (Revogación de actos e rectificación de erros) Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP). 1.As Administracións Públicas poderán revogar, mentres non transcorrese o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Con carácter previo á análise xurídica das resolucións recorridas deben facerse as aclaracións seguintes:

1. A solicitude presentada con data 20/11/2024, rexistro de entrada nº 202499900003239, por Milagros Villaverde Pulleiro, con DNI nº ***0190**, revogación actos de gravame (art. 109.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP) e declaración de nulidade da resolución de Alcaldía nº 1486/2021, de data 28/12/82021, ditada no expediente de reposición da legalidade urbanística: obras terminadas sen título habilitante de natureza urbanística en Lg. Espenica, 8, Ordes, reproduce exactamente a solicitude presentada con data 15/07/2024, rexistro de entrada nº 202499900001985. As alegacións son as mesmas, así como o que se solicita que é a declaración de nulidade dunha resolución e a súa revogación. En ambos casos o seu obxecto é a solicitude de nulidade da obriga da interesada de cesión gratuíta ao Concello dos terreos necesarios para a regulación do viario preciso, considerando que se trata de obras de substitución integral.

Tendo en conta o anterior, non é necesario a tramitación dun novo expediente para responder á solicitude presentada con data 20/11/2024, por que a cuestión suscitada, alegacións formuladas e a resposta pretendida é a mesma que na solicitude de data 15/07/2024.

2. É a interesada na que na súa solicitude concreta os feitos, razóns e peticións nos que se concreta a mesma. É a interesada á que coa súa solicitude elixe o tipo de procedemento que debe tramitar esta administración. Non é posible iniciar un expediente ao abeiro do art. 109 LPACAP e no curso do trámite de alegacións indicar: (...) si el Concello considera que no cabe estimar la solicitud por la vía del artículo 109 de la Ley 39/2015, lo que resulta incuestionable es que en todo caso procede la revisión de oficio de acto nulo prevista en el art. 106 de la misma Ley (...).

A revisión dun acto administrativo pode levarse a cabo polo procedemento establecido no art. 106 (Revisión de actos nulos art. 47.1 que teñan posto fin á vía administrativa), ou art. 109 (Revogación pola administracións públicas de actos de gravame ou desfavorables).

Unha vez iniciado un procedemento administrativo ao abeiro de determinada norma legal non é posible cambiar a súa tramitación ao abeiro doutro precepto legal, sen renunciar ao mesmo, que require unha tramitación e unha análise xurídica distinta, por que o incorrecto plantexamento da súa solicitude vai dar lugar a que esta sexa desestimada, por un defecto de forma, sen que sexa necesario pronunciarse sobre o fondo das cuestións xurídicas suscitadas.

3. A motivación dos actos administrativos constitúe un requisito imprescindible en todo acto administrativo na medida en que supón a exteriorización das razóns que serven de xustificación ou fundamento á concreta solución xurídica adoptada pola Administración. Trátase dun requisito, de obrigado cumprimento no específico marco que nos movemos conforme preceptúa o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP. A esixencia de motivación non esixe unha argumentación extensa, senón que, por contra, basta cunha xustificación razoable e suficiente que conteña os orzamentos de feito e os fundamentos de Dereito que xustifican a concreta solución adoptada. É dicir, redúcese á expresión das razóns que permiten coñecer cales foron os criterios xurídicos esenciais fundamentadores da decisión.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

II.- O obxecto do presente informe é, única e exclusivamente, a solicitude de revogación de actos de gravame (Art. 109.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP) e declaración de nulidade por infracción do procedemento legalmente establecido formulada por Milagros Villaverde Pulleiro dos apartados 2º e 3º das resolucións de Alcaldía nº 928/2021, de data 07/9/2021 e nº 1486/2021, de data 28/12/2021, nas que se recolle a condición de edificación en solo de núcleo rural imposta polo art. 24.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, como requisito para que se poidan legalizar as obras [obras de reforma, polas que se procedeu á substitución integral de materiais e elementos, alterando a volumetría e aspecto exterior da vivenda unifamiliar illada existente (B+1)] executadas e terminadas pola interesada en Lg. Espenica, 8, Ordes, sen ter obtido o previo título habilitante de natureza urbanística esixible de acordo co establecido no art. 142.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

III.- A revogación dos actos de gravame é unha potestade discrecional da Administración que se exerce sempre de oficio: Non existe acción de revogación para esixir que a Administración revogue os actos de gravame ou desfavorables ex art. 109.1 LPACAP.

Non existe un dereito subxectivo a esixir a revogación dun acto administrativo. O art. 109.1 LPACAP emprega o termo "as administracións públicas poderán" que o Tribunal Supremo interpretou no sentido de declarar que "a potestade de revisión que o artigo 105 da Lei 30/92 concede á Administración para os actos de gravame ou desfavorables non constitúe unha fórmula alternativa para impugnar fóra de prazo os actos administrativos consentidos e firmes, senón só para revisalos por motivos de oportunidade. A petición de revisión non pode ser ocasión para discutir se o acto de gravame axústase ou non ao ordenamento xurídico, pois iso só pode facelo o interesado impugnando en tempo e forma o acto discutido" (STS do 13 de xullo de 2001, rec. 216/1997). Nesta liña no ámbito tributario xeneralizouse "a falta de dereito subxectivo á revogación" (STS do 22 de febreiro de 2017, rec. 554/2016)"

Esta STS de 27/03/2023 tamén o lembra:

"A potestade de revogación regulada no art. 109 da Lei 39/2015, é unha potestade discrecional que permite á Administración eliminar do mundo xurídico non só actos inicialmente válidos por circunstancias sobrevindas, senón tamén actos nos que se aprecie algunha circunstancia de ilegalidade. Non está sometida a prazo, exércese sempre de oficio - tal e como expresa o título co que se encabeza o Capítulo I do Título IV da Lei 39/2015, "Revisión de oficio" no que está insiro o art. 109 que comentamos- e, como declara de forma constante a xurisprudencia, non constitúe unha fórmula alternativa para impugnar fóra de prazo actos consentidos e firmes (SSTS do 11 de xullo de 2001, rec. 216/1997, ou do 31 de maio de 2012, rec. 1429/2010, entre outras moitas)".

No mesmo sentido, a STS de 19/5/2011 (RC 2411/2008) antes citada con cita á de 11/7/2001 dinos que:

"Por iso, púidose dicir que, a diferenza da revisión de oficio dos actos nulos de pleno dereito, a revogación dos actos nulos desfavorables é unha facultade e non unha obriga da Administración, pois ese tipo de invalidez valídase polo paso do tempo e ao gañar firmeza".

Por último, O Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, na súa Sentenza núm. 8681/2022, do 30 de xuño de 2022 (rec. 1017/2021):

"A posibilidade de acordar tal revogación non se traduce nun dereito do interesado en que iso se produza ou unha correlativa obriga da Administración de dispoñela. Como a Sala Terceira destaca [Sentenza (Sección 5ª) do 21 de febreiro de 2007 (rec. 4640/2003)], o precepto en cuestión non recoñece ao interesado unha acción por motivos de oportunidade de xeito que, aínda que poida este deducir unha petición de revogación, trátase en realidade dunha facultade conferida á Administración."



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Como conclusión, podemos dicir que non existe unha «acción de revogación» para esixir á Administración que revogue o acto, a diferenza de como si ocorre na revisión de oficio coa acción de nulidade. Trátase dunha facultade discrecional da Administración, e non unha obrigação desta.

Por todo o sinalado anteriormente, procede:

Denegar a solicitude de revogación de actos de gravame (Art. 109.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP) e declaración de nulidade apartados 2º e 3º das resolucións de Alcaldía nº 928/2021, de data 07/9/2021 e nº 1486/2021, de data 28/12/82021, ditadas no expediente de reposición da legalidade urbanística: obras terminadas sen título habilitante de natureza urbanística en Lg. Espenica, 8, Ordes, por non existir un dereito da interesada a obrigar a que esta entidade local proceda á revogación destas resolucións por causa de nulidade art. 47.1.e) LPACAP”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que nada que comentar, é un punto necesario para restituír a legalidade procedemental e van estar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que manteñen o manifestado no pleno de outubro de 2024 cando se tratou este asunto. Estamos nun expediente urbanístico que deriva dun proceso de reposición da legalidade urbanística de execución dunhas obras nunha vivenda unifamiliar, descoñecendo neste caso o BNG os motivos polos cales neste caso o concello iniciou o procedemento de oficio, sen denuncia previa, nin as razóns polas cales unicamente foi detectado este caso nas proximidades. Nin cantos casos se actúa sen denuncia previa realmente existen por parte desta administración local. O obxecto de discusión é a obriga de cesión do terreo. Por parte do concello de Ordes se insisten continuamente en que se tratan de obras de substitución integral de elementos da edificación existente, a pesar do sinalado nos informes dos servizos técnicos municipais de urbanismo, que catalogan a intervención como obras de reforma, algo que tamén sostén a propiedade. Polo tanto ás obras de reforma non lle resultaría esixible a cesión do fronte de parcela para a ampliación do viario e as obras de substitución si. Coa solicitude de revogación de actos de gravame a propiedade o que reclama é que nas resolucións de alcaldía ditadas na instrución do expediente de reposición da legalidade urbanística non debería figurar o requirimento da cesión, senón unicamente requirir á propiedade para que presente a solicitude formal de licenza urbanística para a legalización das actuacións levadas a cabo. Dado que se trata de corrixir un defecto, esixencia da cesión dun terreo por parte do concello nun momento errado estarán a favor de que se corrixa esta situación. O concello ten a potestade de facelo si así o considera oportuno independentemente da súa solicitude. Trátase dun asunto que se está a discutir na xustiza. Probablemente actuando doutra maneira tivese unha solución satisfactoria para todas as partes e para os intereses xerais de toda a veciñanza. Isto non lles corresponde obviamente explicalo a eles.

Intervén o Sr. Secretario, que cando plantexan esta reclamación soamente se centra na imposición da obriga de cesión. No procedemento de reposición da legalidade urbanística unha vez que se definen as obras a legalizar, a consecuencia de que haxa que ceder ou non é derivada do tipo de obra que define o concello. Se non se cuestiona o tipo de obra, a obriga legal de cesión está imposta pola lei, non é que o concello decida a súa imposición. O seu argumento é que é no trámite de licenza urbanística é cando teñen que facer a cesión en función das obras que eles din que fan. A definición do tipo de obras a legalizar xa se fai no expediente de reposición da legalidade urbanística.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que segue mantendo que os servizos técnicos municipais de urbanismo definiron as obras como de reforma e non como de substitución integral.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (11 grupo político PP), seis votos en contra (grupo político BNG), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Denegar a solicitude de revogación de actos de gravame (Art. 109.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP) e declaración de nulidade apartados 2º e 3º das resolucións de Alcaldía nº 928/2021, de data 07/9/2021 e nº 1486/2021, de data 28/12/82021, ditadas no expediente de reposición da legalidade urbanística: obras terminadas sen título habilitante de natureza urbanística en Lg. Espenica, 8, Ordes, por non existir un dereito da interesada a obrigar a que esta entidade local proceda á revogación destas resolucións por causa de nulidade art. 47.1.e) LPACAP.

8. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 4 de decembro de 2025, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

9. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación

“O concello de Ordes debera ser, a tenor da súa situación xeográfica, un lugar privilexiado en canto a garantía de subministro eléctrico: preto de subestacións coma Meirama, Mesón do Vento, Sigüeiro, Santiago ...etc., e atravesado polas diferentes liñas de alta tensión que as interconectan.

Aló polo 2008 entra en funcionamento a subestación de Sigüeiro que, segundo nos anunciaban naquel entón, viña a solucionar os múltiples apagamentos que viñan sufrindo a veciñanza e as empresas de Ordes.

Mais nada máis lonxe da realidade, a situación seguiu a repetirse ano tras ano, múltiples cortes de subministro, mais curtos ou máis longos, pero en definitiva faltas de subministro eléctrico, co que isto supón: quebranto económico nas empresas e comercios, inseguridade, ou



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

persoas ás que a súa saúde se pode ver comprometida polo non funcionamento de aparellos sanitarios.

Sen pretender ser exhaustivos e só por citar algúns exemplos da última década:

- No 2016, o BNG trouxo unha moción ao pleno, esixindo solucións a UFD polos apagamentos daquel ano.
- En marzo do 2021, AECOR, lanzou unha recollida de sinaturas para reclamar solucións ós problemas de subministro en Ordes, logo de que en pleno horario comercial, sufrisen os efectos de diversos apagamentos.
- O 3 de xuño do 2023, La Voz de Galicia, facíase eco da denuncia do portavoz do BNG, Pablo Vidal «Tres días seguidos nos que pola mañá quedamos sen subministración de electricidade en Ordes ... No último mes, unhas cinco veces. O que está claro é que non se lle pode botar a culpa ao mal tempo».
- En novembro do 2024, o BNG formulou unha pregunta no pleno municipal ante os numerosos cortes de luz que se deron nese mes na vila.
- Xa no 2025, varios incidentes, coma o ocorrido o 5 xuño as 11h da mañá con falta de subministro na vila.

E comezamos o ano 2026, igual que sempre:

- 9 ao 13 de xaneiro prodúcense reiterados cortes en Beán.
- 22 xaneiro, pola noite practicamente en todo o concello.
- 26 xaneiro, día do temporal. Apagamento prolongado.
- 27 xaneiro, na zona sur da vila, Parada, Leira, Mesón do Vento... durante máis de 2 horas.

Ante as diversas peticións de explicacións, as contestacións sempre moi similares: situacións puntuais, mal tempo, cumprimos coa normativa vixente.

O que resulta innegable é que Ordes sofre apagamentos habitualmente, mesmo aínda cunhas boas condicións meteorolóxicas. Está claro que o mal tempo xa non pode servir de escusa para UFD.

Só hai que ver como con temporais coma o vivido recentemente o 26 de xaneiro, outras localidades próximas a Ordes coma Sigüeiro, Carral... non sufriron nin un minuto de corte, mentres que Ordes estivo durante horas ás escuras.

¿As causas?.

Certamente, dende o BNG entendemos que as situacións que se mostran nas fotografías, de data 29/01/2026 (arredores polígono industrial, Centro de Transformación Folgoso-Pereira), en nada axudan a garantir unha continuidade no subministro, nin tampouco a unha rápida solución en caso de avaría.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Instar a UFD á elaboración inmediata dun plan de mellora da calidade do subministro eléctrico no Concello de Ordes, encamiñado a reducir os múltiples cortes de subministro que vimos sufrindo en Ordes, no cal se detallen tanto as actuacións a realizar coma os prazos de execución das mesmas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Instar á Consellería de Economía de Industria a que, facendo uso das súas competencias e obrigas, esixa a UFD o correcto mantemento das súas redes en cumprimento coa normativa electrotécnica e de cara a garantir a seguridade dos bens e as persoas de Ordes”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi apreciada por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que van a votar a favor da moción por que os cortes e incidencias como se expón de motivos son recorrentes no tempo e nalgúns cos prolónganse durante horas causando importantes prexuízos á veciñanza, comercio, ás empresas, especialmente ás persoas que teñen necesidades sanitarias especiais. Ningún concello a día de hoxe debería estar sufrindo este tipo de situacións, especialmente nun contexto no que a subministración eléctrica é un servizo básico e esencial para o desenvolvemento da vida diaria e da actividade económica. Por iso consideran necesario elevar esta demanda á empresa distribuidora e á administración competente para que se adopten as medidas reais e efectivas que garantan unha subministración eléctrica e estable, segura e de calidade para a veciñanza de Ordes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que reitera o mesmo. Están un pouco sorprendidos cando viron na prensa algunhas das explicacións que deu a empresa subministradora ante a petición de explicacións do goberno municipal. No sector eléctrico e na tecnoloxía eléctrica evolucionaron moito as cousas nos últimos trinta anos e o único que non evoluciona son as xustificacións e as excusas de UFD cos múltiples apagamentos que temos en Ordes. Para rematar instar á Consellería de Economía e Industria que exerza as súas competencias. É un pouco preocupante ver na web desta consellería que os últimos datos publicados da calidade da subministración eléctrica no país son do ano 2021. Non saben se dende esa data deixouse de obrigar ás subministradoras de cumprir coa normativa, requiririlles do que está a pasar, o que é bastante preocupante.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que con data 29/01/2026 o concello, Aecor e a Asociación de empresarios do polígono empresarial de Merelle remitiron un requirimento formal á empresa distribuidora UFD, S.A., así como comunicación á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia instando a adopción inmediata de medidas para garantir a continuidade e calidade da subministración eléctrica no municipio. Os tres puntos foron: 1. Remita no prazo máximo de 10 días hábiles un informe técnico detallado das causas concretas das interrupcións producidas o día 11 de febreiro de 2026, indicando as infraestruturas afectadas e as incidencias rexistradas. 2. Presente, no prazo máximo de 30 días, unha proposta técnica concreta, viable e calendarizada para a corrección definitiva das deficiencias detectadas na rede de distribución que dá servizo ao Concello de Ordes. 3. Adopte de maneira inmediata medidas provisionais que minimicen o risco de novas interrupcións mentres non se executen as actuacións estruturais necesarias. Ao mesmo tempo tamén se pediu o apoio da Consellería de Economía e Industria despois dunha conversa que mantivo co propio Director territorial da Consellería. O voto en contra que van a formular non se debe a unha discrepancia co problema exposto que comparten, senón que as actuacións que nel se solicitan xa foron realizadas previamente polo goberno municipal. Todo o que traen hoxe aquí é reiterar algo que xa está feito dende o 29/01/2026.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), oito votos a favor (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación

“No pleno ordinario de outubro de 2025, procedeuse coa modificación da ordenanza fiscal nº 11, reguladora da taxa por entrada de vehículos e vaos permanentes. Durante o debate da iniciativa, desde o BNG manifestamos que viamos interesante introducir na citada normativa as pasaxes con horario limitado, dado que ofertarían á veciñanza novas alternativas para cubrir as súas necesidades reais, cunha tarifa mais xusta, figura que por certo, xa está a ser aplicada en concellos como Carballo ou Arteixo.

Deste xeito, na presente moción, propónse a creación na normativa municipal de dúas novas figuras:

- Vao diúrno (con horario limitado de 8:00 a 22:00 horas).
- Vao nocturno (con horario limitado de 21:00 a 9:00 horas).

No tocante á tributación, propónse partir das tarifas actualmente vixentes para os vaos permanentes, pero aplicando a parte proporcional correspondente ás horas nas que se mantén vixente o vao, é dicir aplicar o 60% da tarifa para os vaos diúrnos (14 horas de vixencia do vao) e un 50% da tarifa para os vaos nocturnos (12 horas con vixencia do vao).

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Proceder coa modificación da “Ordenanza fiscal nº 11, reguladora da taxa por entrada de vehículos e vaos permanentes”, do seguinte xeito:

A- Mudar a denominación da ordenanza, pasando a ser “Ordenanza fiscal nº 11, reguladora da taxa por entrada de vehículos e vaos”.

B- Modificar o “Artigo 6º.- Cota tributaria”, pasando a quedar redactado do seguinte xeito:

“Tarifa primeira.- Reserva permanente con entrada de garaxe.

- a. Entradas a garaxes ou locais de uso exclusivo do/a propietario/a do local para a garda dos seus propios vehículos, incluída a reserva de espazo, ata tres metros lineais, e unha capacidade máxima de tres prazas:

Casco urbano da vila: 76,21 €/anuais.

Mesón do Vento: 41,37 €/anuais.

- b. Entradas a garaxes ou locais para a garda de vehículos, podendo realizar reparacións dos mesmos, prestación de servizos de engraxe, lavado, petroleado, etc., incluída a reserva do espazo até tres metros lineais, segundo a capacidade do local:

Casco urbano da vila

Mesón do Vento



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Ata 5 prazas	91,46 €/anuais	49,64 €/anuais.
De 6 a 20 prazas	152,42 €/anuais	82,73 €/anuais.
De 21 a 60 prazas	228,63 €/anuais	124,10 €/anuais.
Máis de 60 prazas	266,33 €/anuais	144,56 €/anuais.

- c. Por cada metro lineal superior a tres incrementarase a tarifa nun 100%.

Tarifa segunda.- Reserva temporal diúrna (horario limitado de 8:00 a 22:00 horas) con entrada de garaxe.

Aplicarase unha tarifa do 60 % con respecto ás establecidas na tarifa primeira para cada un dos casos.

Tarifa terceira.- Reserva temporal nocturna (horario limitado de 21:00 a 9:00 horas) con entrada de garaxe.

Aplicarase unha tarifa do 50% con respecto ás establecidas na tarifa primeira para cada un dos casos.”

- C- Modificar o “Artigo 11º.- Normas de xestión”, pasando a quedar redactado do seguinte xeito:

“Terá que ir acompañada, a solicitude de entrada de vehículos ou vao, dunha declaración na que conste a superficie que se pretende ocupar, reflectida nun plano detallado do seu emprazamento concreto dentro do termo municipal.

O Concello procederá a practicar a oportuna liquidación complementaria, que terá que ser satisfeita, antes de retirar a licenza, de producirse contradición, entre a superficie declarada e a que se pretende ocupar realmente.

Entenderase prorrogada, unha vez autorizada a ocupación mentres non se presente a declaración da baixa polo interesado ou polos seus lexítimos representantes, no caso de falecemento, salvo as autorizacións outorgadas por un prazo concreto”.

2. Proceder coa modificación da “Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial”, do seguinte xeito:

A- Mudar a denominación da ordenanza, pasando a ser “Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria”.

B- Modificar o apartado b) do “Artigo 51º.- Obrigacións do titular do vao”, pasando a quedar redactado do seguinte xeito:

(...)

b) Colocar os sinais de vao en zona visible da porta de entrada ou saída do inmoble”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi apreciada por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que consideran que cando se implantan este tipo de medidas é habitual que se teña a necesidade de incrementar a retirada de vehículos. O que lles preocupa é a realidade dos recursos municipais dos que dispoñemos. Non dispoñemos de persoal de servizos de control as vinte e catro hora do día. En horario nocturno ou de madrugada non temos quen supervise esta normativa e tampouco hai a quen avisar no caso de haber algunha incidencia. Na moción faise unha comparación con concellos como Arteixo e Carballo. Comparación que non é realista, son concellos con máis poboación, maior actividade comercial, co que hai unha maior presión sobre o estacionamento. Neste contexto si que sería máis factible buscar fórmulas máis factibles para o estacionamento. Dende o seu punto de vista en Ordes non existe un problema grave de falta de prazas de estacionamento no conxunto da vila. O que se ven detectando é que a implantación da zona ORA é abusiva, limitando o estacionamento libre en determinadas zonas, ao mesmo tempo non se encontra con aparcadoiros disuasorios en condicións que ofrezan unha alternativa real é cómoda á veciñanza. Decántanse por outro tipo de solucións ou medidas, como redución da zona ORA, manter esta regulación so nas rúas principais mediante o sistema de disco e crear ou mellorar os aparcadoiros disuasorios reais, efectivos e funcionais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quere aclarar que a zona ORA aprobada nos anos 2006-2007, como no ano 2018 foi a petición de Aecor. Ningún momento partiu da corporación municipal. Todas as zonas ORA foron implantadas á petición de Aecor logo da análise dos grupos políticos correspondentes, que despois se trasladou ao pleno. A petición do Interventor, recórdolle que cando se redactan este tipo de mocións, como xa se informou noutros anos, a modificación da ordenanza fiscal (OF) non pode levarse a cabo a través dunha moción, ten que instarse esa modificación para inicio do expediente e posterior proposta da alcaldía e previo informe da intervención municipal. Os informes de intervención e da policía local indican o mesmo, propónse unha modificación da OF reguladora da taxa de vaos coa proposta de diferentes modalidades de cota tributaria, pero a OF vixente é clara, sinxela, igual para toda a veciñanza garantindo o uso dos vaos as vinte e catro horas do día durante todo o ano. A creación e sinalización de vaos con horarios e sinalizacións distintas xeraría con moita probabilidade confusión na vía pública, mentres que a sinalización actual sen esas diferencias está acollida pola maioría da poboación da localidade e os que veñen de fora. A coexistencia de distintas regulacións con horarios, zonas ORAS, pode provocar conflitos normativos e inseguridade xurídica para moitos usuarios. Segundo informes do interventor e policía local a aplicación da proposta do BNG incrementaría notablemente as tarefas de control e inspección sen que o concello de Ordes conte actualmente cos medios humanos necesarios. Outros concellos contan con cadros de persoal máis amplos, servizo vinte e catro horas, realidade que non se da actualmente en Ordes. Por criterios de seguridade viaria e eficacia administrativa a modificación proposta non resulta recomendable neste momento. A proposta do BNG introduce unha modificación innecesaria que complica unha OF que hoxe funciona con claridade e igualdade para toda a veciñanza. A creación de distintos tipos de vaos xeraría confusión, descontrol e non é viable cos medios actuación do concello. Sendo responsables e atendendo ás indicacións do interventor e da policía local, non consideran que sexa unha prioridade e unha necesidade neste momento. Polo tanto van a votar en contra. Si que se comprometen xunto co departamento de informática facer unha enquisa online aos titulares dos vaos para coñecer o interese real nesta iniciativa, para ver cal é a realidade. O interventor tamén fixo os números e a rebaixa económica suporía unha merma dun corenta por cento da recadación. Para os vaos normais a taxa en Ordes é de 91 €, no caso de Carballo vaise a 200 €, para o mesmo acceso.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se indica que non teñen de noite quen supervise, pero tampouco temos agora quen supervise os vaos permanentes. Non sabe cal é o problema nese sentido. O único que se propón é ofertar máis alternativas á veciñanza para dar máis facilidades no tocante á tributación. En canto á confusión, temos un sistema de ORA de disco e de ticket. Non cree que exista outra cousa



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

máis confusa. Para eles debería ser todo de disco realmente. Non ve cal é a dificultade para que existan uns vaos correctamente sinalizados que inclúan a figura de diúrno, nocturno ou permanente. Si o interventor prevé unha rebaixa do corenta por cento na recadación, máis síntoma de que hai unha interese real. En canto á forma de formulación deste tipo de mocións, lémbrale que poden ser levadas ás correspondentes comisións informativas para a tramitación legal correspondente para a súa modificación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ao final tamén hai que quedarse con esa parte. Carballo recada máis do dobre por cada un dos vaos do que paga un veciño de Ordes na actualidade.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de once votos en contra (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE), seis votos a favor (grupo político BNG) sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

3. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Tras recibir queixas da veciñanza polo mal estado da rúa Campeiras, e sabendo que no POS+ 2026 se contemplan intervencións en dita zona, rógase:

Contemplan a recolocación do poste que figura na imaxe, a fin de evitar riscos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa recolocación do poste a ten que facer o propietario que fixo a vivenda e urbanización, co soterramento das infraestruturas e deixar as canalizacións previstas. Agarda que se faga nos vindeiros meses, que faga o bordo, antes de que o concello aglomere a zona.

- Tras a rotura do acordo entre as tres farmacias do casco urbano de Ordes, que anteriormente se alternaban para cubrir as gardas, a veciñanza vese agora na obriga de desprazarse tamén ás farmacias situadas en Mesón do Vento ou Santa Cruz de Montaos. Esta situación xera importantes molestias para as persoas usuarias, que xa teñen manifestado a súa disconformidade coa situación.

Sabemos que o Concello non ten competencia directa sobre a organización das gardas farmacéuticas, mais si pode utilizar os seus canais de comunicación, como WhatsApp, redes sociais e páxina web, para informar semanalmente á veciñanza de cal farmacia cobre as gardas, facilitando o acceso aos servizos e reducindo molestias.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

É polo que rogamos ao goberno local:

Que se informe á veciñanza semanalmente, mediante as vías dispoñibles, da oficina de farmacia que cobre as gardas nocturnas.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que xa se fai habitualmente a través da app do concello. Están a espera de cal sexa o listado e as gardas que van facer as cinco farmacias. O listado xa se recibiu e enviouse á empresa de xestión da app. Esperan que a finais da semana que ven estean dispoñibles.

Intervén o Sr. Alcalde, que informa que o farmacéutico retirou o recurso. A petición con respecto ás demais farmacias dos outros concellos non vai ter ningún tipo de inconvinte, e a ver que sucede ao longo deste ano. Este ano é inviable retrotraer. O que pase no ano 2027 será co acordo deles. As minorías mandan, teñen a lei da súa man.

- As familias usuarias do colexio ADR Castelao trasladan reiteradamente que as entradas e saídas do centro educativo están a producirse de maneira caótica de forma diaria, con problemas de tráfico e situacións que xeran inseguridade tanto para o alumnado como para as propias familias.

Este problema, que xa existe no día a día, fíxose especialmente evidente durante as xornadas de folga do transporte, nas que o incremento do uso do vehículo particular agravou aínda máis a situación, poñendo de manifesto a necesidade de medidas urxentes de organización e regulación do tráfico na contorna do centro.

Segundo indican as familias, bótase en falta unha maior intervención da Policía Local nos horarios de entrada e saída, co obxectivo de regular o tráfico, garantir a seguridade viaria e evitar situacións de risco.

Así mesmo, as propias familias propoñen a instalación dun punto denominado “bica e arrinca”, que permita unha parada rápida e ordenada dos vehículos para facilitar a entrada dos nenos e nenas ao centro educativo, axilizando este proceso e contribuíndo a unha maior fluidez do tráfico na zona.

Por todo o exposto, rogamos ao goberno municipal que estude e poña en marcha, con carácter prioritario, medidas de regulación do tráfico nas entradas e saídas do Colexio ADR Castelao, reforzando a presenza policial nos horarios necesarios e valorando a implantación dun punto “bica e arrinca” como solución eficaz e demandada polas familias.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o punto “bica e arrinca” está valorado nos cinco centros educativos. Implementaranse ao longo deste curso académico. A regulación do tráfico, vai todos os días ao CEIP Castelao e a policía está todos os días alí.

- A veciñanza de Parada manifestou o seu malestar polo deficiente estado da estrada que da acceso ao Rego logo das obras realizadas, xa que tras o corte da vía e o seu posterior tapado, o firme quedou en malas condicións, provocando un sobresalto notable ao paso dos vehículos. Así mesmo, detéctase unha falta de drenaxe nun dos laterais, onde a auga se apoza e, en períodos de choiva intensa, chega a anegar a estrada.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

É polo que se solicita:

Que se resolva dita situación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa está trasladado á empresa antes do seu rogo.

- A situación das instalacións da piscina municipal Iván Raña é un asunto que este grupo municipal trouxo a pleno en numerosas ocasións, tantas que a día de hoxe xa resulta inviable detallar unha a unha as deficiencias e incidencias existentes sen asumir que estamos ante un problema estrutural de xestión e mantemento.

As deficiencias afectan a múltiples ámbitos. En materia de limpeza, traemos novamente imaxes que evidencian o estado claramente deficiente da piscina. Queremos deixar claro que isto non é un problema do persoal, que fai o que pode cos medios dos que dispón. Este grupo xa solicitou en repetidas ocasións o aumento das horas de limpeza, petición que foi sistematicamente ignorada polo goberno municipal.

No que respecta ao mantemento das infraestruturas, a situación é preocupante: teitos con risco de desprendemento, humidades persistentes, cristais rotos, baldosas rotas na zona de duchas e un deterioro xeral que transmite abandono e falta de control.

As máquinas presentan tamén unha situación inadmisíbel. Cada vez que se visita a instalación hai algunha máquina avariada, reparacións que se demoran semanas ou mesmo meses. Ademais, o mantemento é claramente deficitario, chegando a xerar riscos durante o seu uso por falta de pezas, exceso de graxa nalgúns partes ou ausencia das condicións mínimas de seguridade.

Todo isto prodúcese a pesar de que se incrementou a taxa que pagan as persoas usuarias e, paradóxicamente, se ofrece un calendario de actividades máis reducido e claramente mal xestionado. A isto súmase un feito especialmente grave: a existencia de roubos nos vestiarios, xerando unha sensación de inseguridade totalmente incompatible cunha instalación municipal deportiva.

Nas condicións actuais —suba de prezos, redución da oferta de actividades, inseguridade, mal estado das máquinas e deficiente limpeza— o máis previsíbel é que as persoas usuarias acaben por darse de baixa. Se moitas non o fan xa é, simplemente, pola falta de alternativas deportivas de iniciativa municipal no concello.

Por todo o exposto, rogamos ao goberno municipal que asuma dunha vez a gravidade da situación da piscina Iván Raña e adopte medidas urxentes e integrais para garantir a limpeza, o mantemento, a seguridade e unha oferta deportiva acorde ao prezo que se cobra, deixando de parchear problemas puntuais e abordando unha solución real e sostida no tempo.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que se toma en consideración. Aclarar que a falta de limpeza nas zonas de humidade é evidente. Algunha das cousas que inclúe xa están solucionadas. Están a espera da empresa para a reparación das máquinas.

Intervén a Sra. Rivadas López, que sinala que a maiores quere comentar que nunha das fotos na zona das fiestras vese como hai unha fuga da instalación no ximnasio, que é urxente reparar.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o ano pasado solicitaron unha subvención para cambiar todas as fiestras, que non lle concederon ao non acadar a puntuación mínima e que van a reiterar este ano. Figura nos orzamentos de 2024 e 2025.

- No centro de saúde de Ordes existen goteiras nunha das consultas de pediatría que están a estragar as infraestruturas e xeran un ambiente insalubre para a actividade que alí se desenvolve, sendo ademais un problema que, segundo o persoal do propio centro, persiste dende hai máis de dez anos.

No ano 2024 este grupo municipal xa presentou un rogo sobre esta situación e, tal e como recolle a acta do pleno, a concelleira delegada de Sanidade recoñecía a existencia das goteiras e afirmaba que o problema fora trasladado para a súa solución.

No ano 2025 estes problemas persistiron e este grupo levou ao pleno unha moción solicitando, entre outras cuestións, que a Xunta de Galicia incluíse nos orzamentos de 2026 unha partida específica para amañar estas deficiencias. O goberno municipal votou en contra da mesma.

Esta situación foi ademais recollida recentemente nos medios de comunicación, facendo pública a persistencia das goteiras no centro de saúde de Ordes.

Por todo o exposto, rogamos ao goberno municipal que reclame con carácter urgente ante a Consellería de Sanidade a reparación definitiva das goteiras existentes no centro de saúde de Ordes, garantindo unhas condicións dignas e seguras para a atención sanitaria.

Intervén a Sr. García Gómez, concelleira delega de sanidade, que sinala que lle da toda a razón do que está a pasar no centro médico. Viñeron a arranxalo, puxeron tela asfáltico en outubro, agora en xaneiro nesa esquiña, é sempre aí, volveu a suceder e en peor medida. Volveuse a comunicar. Hai un problema que require unha actuación maior, nun un parche. A empresa de mantemento ata que non deixe de chover non poden subir ao tellado. Seguen en contacto con Centro médico e Consellería de Sanidade.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na Rúa da Feira, á altura do número 17, os contedores carecen de ancoraxes por un dos laterais o que ten ocasionado o volcado dos mesmos e caída enriba dos vehículos aparcados nas inmediacións.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A instalación de algún sistema de ancoraxe que evite que os contedores poidan caer sobre os vehículos.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que teñen que solicitar informe da policía local para ver as molestias para os postos da feira. Xa se pediu á empresa que os deixen freados. Mirarase coa policía.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Hai uns meses procedeuse co pintado interior do pavillón Castelao I, incluíndo as escaleiras das gradas. A pintura utilizada non é antideslizante e nos días de choiva, ao entrar co calzado mollado, as citadas escaleiras son moi esvaradías, co conseguinte risco de caídas.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A utilizar nas escaleira do pavillón Castelao I algún tipo de sistema antiesvarante.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o verán co contratista para ver se cumpre ou non cumpre e ver que medidas se poden adoptar. Non di que non teña razón, pero hai que falalo con el.

Intervén o Sr. Vllaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No lugar de Fosado, na parroquia de Montaos, existe un vertedoiro incontrolado. Restos de escombros, plásticos e demais lixo que están a contaminar os arredores da vía do tren e preto da Vía Verde, con todo o que isto supón para a natureza. 43.046276,-8.44366

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se retire dito lixo da zona indicada.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que está solicitado informe á policía local.

- Nas inmediacións da piscina e ximnasio municipais existe unha praza de aparcamento para persoas con mobilidade reducida. Segundo nos fan saber distintos usuarios, debido a que se trasladou a Oficina Agraria Comarcal ao antigo Centro Comarcal, as prazas de aparcamento máis próximas á entrada das instalacións están a maioría do tempo ocupadas e as persoas con mobilidade reducida vense obrigados a aparcar lonxe da mesma.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se amplíe o número de prazas de PMR preto da entrada das instalacións da Piscina Municipal Iván Raña Fuentes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que mentres non mellore o tempo é imposible de acometer. Esta petición foilles trasladada a mediados de decembro. Vai mirarse como se pode facer.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que pregunta como se procede nestes casos, se xa hai un informe da policía local, se se vai a facer, se depende do tempo que se faga.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nestes casos sempre se pide informe da policía local.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A cuneta situada nas coordenadas x: 543.638,26 y: 4.773.171,79 a altura do lugar do Camiño en Lesta presenta un estado de falta de limpeza onde se acumulan os sedimentos que veñen arrastrados dende a zona das casas, que están situadas a máis altura. Esta imaxe foi tomada o 2 de Febreiro.

Ante as inclemencias climáticas das últimas semanas repítense as consecuencias de todos os invernos nese punto, que é o asolagamento da cuneta e da estrada que leva a igrexa . Aportamos imaxes tomadas o día 29 de xaneiro.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Que se proceda ao arranxo da cuneta e se planifique unha alternativa dado que esta problemática repítese constantemente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se estivo no lugar e fixo as fotografías será consciente que o arrastre ven das fincas privadas. O que se di no rogo non é correcto. Hai un problema aí, que coñece perfectamente o concelleiro de obras. O problema non o provoca a vía pública, o provocan as fincas privadas co laboreo, esa terra vaise arrastrando, xerando sedimentos e o taponamento. Se fosen minimamente coidadosos nalgúns detalles melloraríamos moitísimo esta situación e non chegaríamos a estes extremos. Non provoca o problema a vía pública. Agora o que procede é limpar a cuneta.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A recente intervención sobre as paradas de autobús existentes na avenida Alfonso Senra, deixou un resultado que entendemos, cando menos, como bastante mellorable.

No caso da parada que se atopa próxima á igrexa parroquial, o espazo destinado á parada do autobús resulta insuficiente, polo que resulta habitual que durante a súa parada, especialmente no caso dos autobuses de mais de dous eixos, este vehículo de transporte invada a intersección da rúa Alfonso Senra coa rúa República Argentina, dificultando a normal circulación polo viario público. Cabe destacar que non existían impedimentos para ampliar a beirarrúa desde o paso de peóns cara a igrexa parroquial, liberando un espazo maior para que o autobús puidese efectuar a parada sen afectar á normal circulación da vía.

Por outra banda e afectando tamén á parada de autobús do lado da alameda de Ordes, creemos que as marquesiñas dispostas contan cun tamaño insuficiente para ofrecer unha atención axeitada á cantidade de xente que adoita tomar o transporte público na



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

zona, resultando precisa a súa substitución por outras que contén cun tamaño apropiado. Por poñer un exemplo, as marquesiñas existentes ao pé da estrada N-550 na parroquia de Deixebre do veciño concello de Oroso, son exactamente as mesmas que as dispostas actualmente no centro da nosa vila, que practicamente concentra a metade da poboación total do noso concello.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A corrixir as eivas sinaladas nas citadas paradas:

Ampliando a zona de parada do autobús nas proximidades da igrexa parroquial.

Substituíndo as marquesiñas existentes por outras que contén cun tamaño axeitado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que primeiro aclarar que as de Deixebre non son exactamente as mesmas, son distintos, ambos os que entrega a Consellería do Medio Rural, é o modelo rural, aquí é o modelo urbano, son sensiblemente distintas, nos acabados e na súa valoración. Isto xa foi explicado. Tiñan que cumprir o compromiso de entrega de dúas marquesiñas no 2025. Opción de colocar dúas nun punto ou unha en cada lado. Así se fixo coa intención de ao longo de 2026 desdobrar. Xa bastante traballo deu conseguir a autorización para que se puidera poñer, especialmente a da zona de Igrexa coas limitacións de estradas, patrimonio. Inicialmente o que se quería era cortar todo o acceso á rúa República Arxentina e que a marquesiña quedase por detrás da porta traseira do bus. Díxoselles que de ningunha maneira. Despois de reunións e negociacións múltiples é a solución que lle deron. Hai unha colocada en cada punto e vanse a desdobrar. A obra esta pensada para desdobrar o espazo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que con respecto ao aumento da zona de parada de bus na igrexa parroquial, sinceramente non se cree que o Ministerio de Fomento impedisen que a ampliación da beirarrúa, ocupando unhas zonas de estacionamento, se efectuase cara a igrexa parroquial a continuación do paso de peóns. Ao contrario do que se fixo basicamente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non querían que quedase a saída do bus e o paso de peóns por adiante, tiña que haber unha pequena marxe, obrigaron a facer o desdoblamento antes do paso de peóns. Non querían que cando se incorporase o bus fose cara o paso de peóns.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que sinala que non descartaría desprazar o paso de peóns se ese era o problema. Si temos unha parada de bus na que non colle o bus, que mide 13,50 m cando é dous eixes, 15 m cando son tres eixes, e resulta que non colle na parada, de pouco serve. Non é lóxico que un bus estacionado invada a vía pública.

- No pleno ordinario de xullo de 2022, desde o BNG solicitamos a recuperación dun dos pasos de peóns que fora suprimido na rúa do Mestre Alfonso Lesta, nas proximidades da súa intersección coa rúa de Campeiras.

Naquel entón, a resposta do alcalde foi que na actuación levada a cabo sobre a rúa no ano 2021, "por indicación da policía local, declinou o pintado do paso de peóns existente con anterioridade por encontrarse moi preto da intersección da rúa de Campeiras, que resulta perigoso no que atinxe á percepción polos peóns dos condutores que circulan pola rúa de Campeiras e xiran á man dereita cara Alfonso Lesta".

Veciñanza da zona, segue a insistir na necesidade de recuperar dito paso de peóns, e o certo é que o criterio ou argumento que manifestou o alcalde naquel pleno de xullo do



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ano 2022, non resulta coherente co criterio adoptado con outros pasos de peóns existentes nas proximidades, mesmo en actuacións de recente execución.

Por exemplo, o paso de peóns existente na intersección da rúa de Campeiras coa rúa do Recreo, atópase a unha distancia inferior do cruce que a que dispón o paso de peóns solicitado.

Outro exemplo atopámolo no paso de peóns existente na intersección da propia rúa Alfonso Lesta coa travesía da rúa do Mirón, situándose a unha distancia inferior do cruce que a que dispón o paso de peóns solicitado.

Incluso cabe lembrar que recentemente actuouse na rúa do Mirón e sinalouse un paso de peóns pegado á intersección coa propia rúa do mestre Alfonso Lesta, a unha distancia tamén inferior do cruce que o paso de peóns solicitado.

En definitiva, resulta posible atopar moitos outros casos semellantes, na práctica totalidade das rúas da nosa vila.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A repoñer o paso de peóns que existía na rúa do Mestre Alfonso Lesta, na proximidade da súa intersección coa rúa de Campeiras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non van poñer un paso de peóns cun informe en contra da policía local. Xa foi o que se lle dixo entón e reitérase novamente. Coa veciñanza coa que se puido falar o entenderon perfectamente, entrevistáronse co xefe do corpo da policía local.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta que muda con respecto á rúa do Mirón.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está a comparar cousas totalmente distintas. Vostede sería o responsable no caso de facer unha actuación cun informe en contra. El non o vai a ser.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta cal é a diferenza.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que neste caso o informe da policía local é negativo. Compara rúas de dirección única con dobre dirección, rúa en pendente, xiro con pouca visibilidade con respecto ás demais. É algo que calquera o observa, menos vostede.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- A veciñanza da parroquia de Parada vén manifestando a súa preocupación pola construción dun muro na senda peonil que une O Valado coa Estación. Segundo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

indican, o muro estase a executar moi próximo á estrada, nun tramo en curva, o que podería supoñer un risco evidente para a seguridade viaria.

Ante esta situación, preguntamos ao Goberno Local se se avaliaron previamente os riscos de seguridade desta actuación e se se estudaron alternativas técnicas, como o atraso do muro, a modificación do trazado ou outras solucións que garantan unha maior seguridade para a veciñanza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que segundo informe da dirección de obra, no treito de curva obxecto de pregunta a implantación do muro para itinerario de mobilidade alternativa realizouse cumprindo os parámetros establecidos no proxecto técnico aprobado, en particular no referente á normativa de accesibilidade con autorización da titular da vía, a Deputación provincial, coa que se mantén contacto para o seguimento das obras.

- No ano 2019 acometeuse unha reforma no local social de Buscás que incluía, entre outras actuacións, o equipamento dunha cociña, para o que se investiron 86.300 €.

A veciñanza vén trasladando a súa preocupación e queixa, ao considerar que, a día de hoxe, o local non se dinamiza nin se utiliza de maneira efectiva, a pesar do investimento realizado.

Neste contexto, queremos preguntar ao goberno municipal:

1. ¿Para que se está a utilizar actualmente o local social de Buscás?.
2. En concreto, ¿que uso se lle está a dar á cociña equipada durante a reforma?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no local social de Buscás, como noutros locais sociais municipais, hai múltiples actividades ao longo do ano e todas as peticións doutras persoas que pode comprobar nas diferentes xuntas de goberno local. Hoxe mesmo veciños da parroquia pediron autorización para facer alí unha actividade. O custe da cociña non chegou a 6.000 euros. 86.000 euros foi o custe da actuación integral. Non se pode pedir que se ceda para actuacións de índole privado como se informou con anterioridade, iso non é viable.

- Durante o mes de decembro recibimos varias queixas de familias usuarias da escola infantil municipal Herminio Rial, que recolleron aos nenos e nenas en condicións de frío debido a incidencias na calefacción da instalación. Ao parecer, o Concello non enviou a ningún persoal para reparar o problema de inmediato.

Neste sentido, queremos preguntar ao goberno municipal:

1. ¿Cal foi o motivo desta incidencia na calefacción?.
2. ¿Cantos días durou esta situación?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que so foi unha familia. O motivo da incidencia, segundo informe da directora da EIM, foi que o servizo de calefacción polo aumento programado da temperatura do acumulador, medida necesaria para a prevención da legionela, conforme aos protocolos sanitarios establecidos. Con todo o descoñecemento do sistema do programa que provocou unha baixada da bomba de calor. No momento da incidencia non se atopaba na EIM por motivos persoais. Dende o concello



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

déronlle traslado das queixas dunha familia sobre a baixada de temperatura no centro. Cando chamaron avisaron a escola e fontaneiro para a solución. O 16 estaba o fontaneiro alí reprogramando todo.

- Os pavillóns deportivos de Ordes foron motivo de debate en múltiples plenos debido a problemas reiterados de condensación, humidades e incidencias nas actividades deportivas programadas. Non obstante, estas deficiencias persisten, e en decembro volveu producirse un episodio crítico, no que tivo que cancelarse a actividade prevista polo estado do chan, facendo evidente a falta de solucións estruturais aos problemas das instalacións. Anéxase imaxe correspondente ao 5 de decembro, que ilustra o mal estado do pavillón e serve de evidencia das incidencias que afectan ao correcto desenvolvemento das actividades deportivas.

É polo que preguntamos:

¿Como explican que, a pesar de que os problemas de condensación, humidades e incidencias nas actividades deportivas veñen sendo advertidos en múltiples plenos, a situación persista e se teñan que cancelar actividades?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se foron facendo actuacións nese pavillón, queda algunha pendente das que teñen programadas para que poida ir mellorando. Noutros conseguíuse xa atallar. Aquí tamén o conseguiran, todo custa, hai que ir pouco a pouco.

- O cociente entre o número de persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral e o paro rexistrado é un indicador que reflicte o dinamismo económico dun concello: cantos máis afiliados hai por cada persoa en paro, maior capacidade de xerar emprego e menor presión sobre o desemprego. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) pechados ao ano 2025, Ordes presenta un valor de 1.231,2 e posicionándose como o máis baixo da comarca de Ordes, por detrás de Cerceda (1.415,9), Frades (1.751,0), Oroso (1.404,2), Mesía (2.040,4) e Tordoia (1.390,4). Isto evidencia que, en termos relativos, Ordes perdeu capacidade para xerar emprego en comparación cos seus veciños, algo especialmente relevante tendo en conta que historicamente foi un concello referente no dinamismo económico comarcal.

Se complementamos este indicador coa taxa de paro, a situación é aínda máis preocupante. Ordes presenta un 7,53%, a máis alta da comarca, superior á de Cerceda (6,61%), Frades (5,46%), Oroso (6,65%), Mesía (4,87%), Tordoia (6,72%) e Trazo (4,02%). Isto significa que, a pesar de ter un tecido económico activo, Ordes ten maior presión de desemprego que calquera outro concello da comarca, confirmando que non só perdeu liderado no dinamismo económico, senón que tamén enfróntase a un mercado laboral máis tensionado e vulnerable.

En conxunto, estes datos subliñan que Ordes xa non lidera o dinamismo económico comarcal, e evidencian a urxente necesidade de políticas locais que impulsen a creación de emprego, melloren a actividade económica e eviten a fuga de talento, garantindo oportunidades de emprego de calidade para a veciñanza.

As críticas na rúa tamén corroboran os datos oficiais: moitas persoas indican que se ven obrigadas a marchar a outros concellos en busca de oportunidades laborais e numerosos comercios están pechando. Basta observar a cantidade de locais co letreiro de “alégase” ou “véndese” para comprobar que, a pesar de que Ordes conta con máis unidades locais que calquera outro concello da contorna, o tecido comercial está en regresión e a actividade económica non se traduce en emprego estable para a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

veciñanza. Esta realidade evidencia que o concello necesita estratexias concretas e urxentes para revitalizar o comercio local e recuperar o seu histórico liderado económico na comarca.

É polo que preguntamos á Concelleira delegada de comercio, turismo, promoción e dinamización económica:

¿Como explica que Ordes teña o peor cociente afiliación/paro da comarca, a pesar de ser o concello con máis unidades locais da contorna?.

¿Que políticas se están implementando para reducir a taxa de paro, que actualmente é a máis alta da comarca (7,53%)?.

¿Que medidas concretas pensa adoptar o concello para que Ordes recupere o seu papel como motor económico da comarca no sector comercio?.

Intervén a Sr. García Gómez, concelleira delega de emprego, que sinala que para vostede todo é un drama. Os datos están moi ben pero hai que saber interpretalos. Sobre todo hai que interpretar os datos tendo constancia das variables. Vostede está a desenvolver segundo o seu criterio o que vostede considera. Hai demandantes de emprego que xa están traballando, por que no número de demandantes de emprego que está en mellora de emprego consta como demandante de emprego. Quen ten unha incapacidade para o desenvolvemento da súa tarefa habitual consta como demandante de emprego. Vostede cargouse a todos os mutualistas. Hai moitos traballos que non están afiliados á Seguridade Social, están afiliados a mutuas. Os datos non son fiables. Non cuestiona onde os obtivo o IGE. Non se contabilizan o resto das variables. O censo de poboación está mal, contabiliza 12.900 – 12.700 pero segundo o padrón municipal somos 13.240. cada mes chegan moitas familias con condición de asilo e permisos, que unha vez tramitada a documentación acoden ao Servizo galego de colocación ou SEPE. Temos máis de cen persoas sen o trámite da documentación completo. Fiándose do seu relato, se ve os datos dende o ano 2015 a taxa de paro diminuíu nun 150 %, por que era do 18,66 % segundo o seu relato. Sabe cal é o problema máis grande que temos no concello de Ordes, a falta de vivenda, non temos vivenda, ou a temos e non a queren alugar. Cantos son os locais co cartel de se vende ou alúgase, os que están é por que se xubilan e non hai relevo xeracional. Hai que ter en conta que a revolución tecnolóxica que vivimos vai a provocar un cambio social moi grande, como cando a revolución industrial. A forma de vivir en tema comercial esta a mudar. Están a traballar de forma conxunta con Aecor. Tamén na formación para a obtención das competencias claves ou a educación secundaria. Se implicaron moito para o acceso a títulos profesionais con saídas profesionais. Asesoran a esa xente, fomentan a súa relación coas empresa. No servizo de orientación laboral e axente de emprego local chegan ofertas de emprego. Claro que queda moito por facer, pero a semente xa a fixeron. Non dramatische. Como exemplo Betanzos 9,5 % de paro, un dos cinco concellos de menos de 20.000 habitantes que ten máis paro.

Intervén a Sra. María Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Co comezo do presente curso académico, a ANPA do CEIP Campomaor de Ordes presentou un escrito á xefatura territorial de Educación, reclamando un segundo auxiliar educativo, dado que no centro existen sete alumnos/-as que precisan apoio individualizado.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O pasado 13 de novembro de 2025, o concello de Oroso anunciou na súa páxina web, que o CEIP de Sigüeiro, incorpora un novo coidador “grazas ao impulso da ANPA, da dirección do centro e ao apoio do concello de Oroso”.

O pasado 10 de decembro de 2025, no xornal “La Voz de Galicia”, saía publicada una nova na que se anunciaba a incorporación dunha coidadora ao CPI de Viaño Pequeno (Trazo), indicando que a medida “responde ás necesidades trasladadas polo propio centro e polas familias a través da ANPA, así como ás xestións realizadas nas últimas semanas ante a Consellería de Educación”.

Mentres tanto, a comunidade educativa do CEIP Campomaio segue agardando por un auxiliar educativo que precisan, mais nunca chega; tendo que ollar por outra banda, como outras comunidades educativas contan coa implicación dos seus respectivos gobernos municipais, que son quen de negociar/presionar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para conseguir cubrir as carencias que padecen.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Como é posible que o CEIP de Sigüeiro (Oroso) e o CPI Viaño Pequeno (Trazo), sexan quen de conseguir no presente curso a incorporación de novo persoal auxiliar educativo, e que o CEIP Campomaio non vexa cubertas as súas necesidades nin atendidas as súas demandas?.

Se nos outros centros, resulta que a incorporación de coidadores/-as conséguense grazas ás demandas da dirección dos centros, das ANPAS e as xestións dos seus gobernos municipais correspondentes, ¿que é o que falla no caso do CEIP Campomaio?, ¿A dirección do centro, a ANPA ou a implicación do goberno municipal e da Consellería?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o CEIP de Trazo non tiña ningún coidador, o CEIP de Sigüeiro o incorporou por que tiña os rapaces necesarios con informe de valoración un segundo coidador. Igual que fixeron eles o ano pasado nun dos CEIPs. Sabe cal é a diferenza, que eles non chamaron á prensa. Igual que fixeron este ano no IES Maruxa Maio, pero non chamaron á prensa. Non teñen a obriga de chamar á prensa e saír na foto cando conseguen un logro. Traballan e o conseguen, e non o publicitan, desculpen por non saír na prensa. Reman todos na mesma dirección centro, dirección, anpa e consellería delegada de educación. Non son competentes, piden e loitan polo que queren eles, polo que están a demandar. Son os equipos de orientación específica os que determinan segundo a capacidade se é necesario que teñan coidador, non é o concello. Ata o de agora se foron poñendo, non sabe cal é a solución. O que lle consta é que orientación do centro xa fixo todos os informes, valoración e enviou ao equipo de valoración específica e á inspección todo o seu traballo. Descoñece a contestación, non lla comunicaron aínda. Cando así sexa positivo ou negativa a tramita. Se é negativa verán o que falta ou se é necesario dependendo do grao.

Intervén a Sra. María Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- ¿Que taxa de incorporación ao mercado laboral supuxeron os obradoiros de emprego realizados nos últimos cinco anos?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de emprego, que sinala que non teñen datos oficiais por que non son competentes. Non hai obriga de incorporación ao mercado laboral. Non teñen ningún dato que permita a súa cuantificación. Un obradoiro de emprego é una especie de FP reducida, é unha formación dual para unha certificación profesional. Nesa formación dual hai un módulo de formación no que hai que estudar, un módulo de formación de competencias claves. Esta pregunta ten que facerse na consellería. Vistos os incentivos á contratación de persoas participantes no obradoiro de emprego, saben que nos obradoiros de emprego de Ordes os contratos realizados foron a quince persoas, saben que hai persoas contratadas noutras ramas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- No pleno de outubro de 2025, desde o BNG defendemos un rogo no que amosábamos a nosa preocupación sobre as dificultades da veciñanza para conseguir unha consulta médica no centro de saúde de Ordes.

Durante o debate, a voceira do goberno municipal, Susana García Gómez, anunciaba a incorporación dun novo facultativo “agora en novembro”, e que “verán se se axilizan as citas”.

Vimos de comezar o mes de febreiro, e xa desde o primeiro día, pacientes que intentan obter citas, atópanse con que non contan con citas dispoñibles ata o día 20.

Resulta evidente que existe un grave problema na atención primaria, sen que o goberno da Xunta de Galiza, como administración competente, ofrezca solucións ou cando menos, aplique accións para paliar a situación, exemplificada no caso das dificultades para obter unha cita no centro de saúde de Ordes.

Transcorridos xa tres meses desde aquel pleno ordinario de outubro, e visto que o problema persiste, preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Mantivo o goberno municipal desde aquel entón, algún tipo de encontro ou negociación coa Consellería de Sanidade, de cara a intentar procurar unha solución ás dificultades que está a padecer a veciñanza do concello de Ordes para obter cita na atención primaria?.

Intervén a Sra. García Gomez, concelleira delegada de sanidade, que sinala que o cadro de persoal do centro está completo. Falaron coa consellería pero teñen un problema moi grande e vai a seguir sendo así durante x tempo. Hai folgas convocadas polo bloqueo na negociación do estatuto marco por todos os médicos. Folgas convocadas por SOS Sanidade. Non poden negociar coa consellería que lles prohiba un dereito fundamental. Na última mini reunión que tiveron había médicos que dicían que non ían ir máis á folga por que se lle estaban acumulando as citas. Cada día que un sanitario está de folga son entre trinta ou cincuenta persoas que non atenden. O bloqueo é en toda España pola redacción do estatuto marco sen contar cos médicos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto agora mesmo non é un problema de Galicia, é un problema de todo o territorio nacional. Analizan calquera tipo de comunidade autónoma ou provincia, calquera cidade ou centro de saúde e están nesta situación. Hai un contacto continuado de coordinación da concelleira co centro de saúde e coa consellería, pode dar fe. Eles fan todo o posible por atender todas e cada unha das peticións, é a realidade. As



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

circunstancias puntuais derivadas da folga ou doutras circunstancias non poden controlar. É preocupante que non poidan ter unha atención mellor nun curto espazo de tempo. Mellorouse moito nos derradeiros anos.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de sanidade, que sinala que un dos datos que pediu e que lle comentaron os médicos. Unha das cousas que máis retrasaba as citas era o non acudir a elas. Nunha comarca que non vai a mencionar nun ano contabilizaron ata 30.000 citas ás que non se acudiu. Pediu que se contabilizase ás que non se acudía aquí.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e corenta e seis minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias